

Volpone

ou comedia de mosca

de ben jonson



un espectáculo de



talía teatro

Presentación

A compañía ceense asume desta volta a posta en escena de *Volpone*, o texto do inglés Ben Jonson que máis veces foi representado, unha fábula descarnada que xira arredor da avaricia e da luxuria e que é un dos máximos expoñentes do teatro da época xacobina. Esta mordaz sátira é unha denuncia da debilidade humana e de ata onde nos pode facer chegar as ansias por acumular beneficios e poder.



Lonxe do código realista, en *Volpone* os personaxes aparecen caricaturizados e estereotipados, con características precisas que os definen. O vestiario e as máscaras apoian unha proposta na que a expresividade é fundamental. O corpo dos actores convértese nunha gran cara que mira e que escoita, que se enfada ou se sorprende. ‘To-

dos estes ingredientes e unha mensaxe que está de grande actualidade fan desta montaxe un espectáculo moi atractivo para o público e que agardamos teña unha boa acollida’, afirma Artur Trillo – director da compañía Talía Teatro.

Nesta ocasión Roberto Salgueiro cambia o título orixinal *Volpone ou o raposo* por *Volpone ou a comedia de Mosca*, xa que é este personaxe do criado o fío condutor que fai e desfai, o que pon en marcha as estratexias para conseguir aquilo que o seu amo desexa. O personaxe do criado Mosca, que nun principio parece quedar á marxe da sede de poder e cartos e moverse tan só por agradar ao seu amo, queda atrapado cara o final nas redes das ansias de poder precipitando un divertido e inesperado final.

“...non imaxinas o que tal están dispostos a facer os homes polo diñeiro: vender a muller, traizoar o irmán ou abandonar o pai. Todas miudezas se conseguen ter o peto cheo”.

O texto

Volpone, comedia estreada 1605, é a obra máis famosa do autor inglés Ben Jonson (1572-1637). Jonson era considerado na súa época o mellor dramaturgo do momento, por riba incluso do seu coetáneo, William Shakespeare.

Centrado en revitalizar a lingua inglesa e os valores morais, Ben Jonson predica con toda claridade no seu Volpone o profunda que pode chegar a ser a estupidez do home cando deixa que a avaricia sexa o eixe da súa vida.

Jonson crea para isto unha antifábula, pois se nas fábulas os animais falan e actúan coma homes, na súa comedia os homes actúan coma bestas preeiras. Trátase dunha sátira mordaz sobre a avaricia e a luxuria.

Nela Volpone (o raposo) e o seu criado Mosca (o insecto) aproveitan a ansia de ouro da sociedade que os rodea (corvos e voitres), para aumentar a súa propia riqueza. Así, baixo o engano de estar moribundo, Volpone déixase gabar con luxosos regalos daqueles que pretenden ser nomeados herdeiros.

Jonson amósanos con gran acerto o seu sentir por unha sociedade corrompida polo diñeiro, onde tódolos personaxes, ante a remota



Volpone ou Comedia de Mosca

posibilidade dunha ganancia son capaces de calumniar e desherdar o seu propio sangue, de prostituír á esposa, de traizoar con mentiras groseiras, e de argumentar incluso posesión diabólica. Trátase, en resumo, dunha sociedade non tan diferente da actual.

É teatro de primeira clase que aínda hoxe, con catro séculos de distancia, pode ser representado sen perder nada da súa frescura e vitalidade.



Of sacred treasure, in this blessed roome,
Well did wife Poets, by thy glorious name,
Title that age, which they would have the best ;
Thou being the best of things : and far transcending
All stile of loy, in children, parents, friends,
Or any other waking dreame on earth.
Thy looke, when they to Venus did ascribe,
They should haue giu'n her twentie thousand Cupids ;

Such

SINOPSE

Cun vestiario colorista que contrasta coa neutralidade dunha escenografía chea de sorpresas, esta fábula cóntanos a historia do rico ancián Volpone e as loitas dos que o rodean para facerse coa súa herdanza. Todos eles, Corvino, Corbaccio, Voltore e a Viúva agardan a morte de Volpone créndose os seus herdeiros pero esta tarda en chegar. Por riba destes avaros e cobizosos personaxes,



que se nos presentan como aves de rapina agardando con ansiedade a morte da súa presa o propio Volpone coa axuda do seu criado Mosca tece todo tipo de artimañas para enganar aos que se creen estafadores, co fin de quedar cos seus bens máis prezados, conseguindo quitarlles todo canto queren mentres eles non escatiman es esforzos por agrada-los. Insaciables no seu afán por burlarse de Corvino, Corbaccio e Voltore; Volpone e Mosca non deixan de urdir artimañas cada vez máis perversas e arrevesadas, dando renda solta ao seu enxeño e ás súas pérfidas inclinacións.

Mentres os protagonistas tecen estratexias para conseguir o que queren, un día chega ata os ouvidos de Volpone a grande beleza de Celia, a muller de Corvino, e o ancián decide que os cartos



They shall looke fresh, a weeke after.

non son suficientes, comezando a idear plans para conseguir á muller. Entón entra en escena o nobre Bonario, un mozo recto que xunto con Celia pon cara á virtude nesta obra e a acción precipítase nun final trepidante e atolado. A montaxe incide continuamente nas ansias de poder do ser humano e as súas consecuencias e na obsesión por acumular riquezas e propiedades, obsesión da que nesta versión de Roberto Salgueiro non escapa nin o Estado.

All 1. Scene 1.
Such will like a flame, by night, of the true day
Stroke out of *above*, when all darkeness fled
Vnto the center. O, thou sonne of So 1,
(But brighter then thy father) let me kilse,
With adoration, thee, and every relique
Of sacred treasure, in this blessed roome.
Well did we Poets, by thy glorious name,
Title that age, which they would haue the best;
Thou being the best of things: and far transcending
All stile of ioy, in children, parents, friends,
Or any other waking dreame on earth.
Thy lookes, when they to *Venus* did ascribe,
They should haue giu'n her twentie thousand *CVRITS*;

Such

Volpone

ou comedia de mosca

de ben jonson

con

*From his owne hand, without a co-adiutor,
Nouice, iourney-man, or
Yet, thus much I can giue you, as a token
Of his playes worth, no more are broken:
Nor quaking
Wherewith
Nor haies he
To stop ga
With such a d
As m
Nor made he
Bat mak
And, fo pre
As best Critic
The lawes o
From no
All gall, and co
Onely, a litt
Wherewith, he'll
They shall loo*

Mosca Toño Casais
Volpone Artur Trillo
Voltore Diego Rey
Corbaccio Gustavo G. Dieste
Corvino David Creus
Celia Marta Ríos
Bonario Rubén Prieto
Viúva María Ordóñez
Xuíz Dani Trillo

◆◆◆ *Scene 1.*

Vesperous Mosca

Adaptación Roberto Salgueiro
Escenografía e vestuario Roberto Salgueiro
Realización de escenografía RTA /ACE5
Realización de vestuario Cloti Vaello
*That
Shew
Strook
Vno the
(But brighter
With adoration*

Maquillaxe Martina Cambeiro
Máscaras Carlos Portomeñe
Cartel Elena Tinickaya
Imaxe da escenografía Roi Méndez
Deseño gráfico Áurea Ferreiro
Fotografía e video Rubén Prieto
Deseño de iluminación Roberto Salgueiro
Producción e distribución Artur Trillo
Such

Producción executiva Áurea Ferreiro
Asistente de dirección Fátima Rodríguez
Dirección Roberto Salgueiro

Un espectáculo non recomendado para menores de 13 anos. A duración é de 1 h. 45'

The Fesse.

From his owne hand, without a co-adiutor,
Nouice, iourney-man, ortutor.
Yet, thus much I can giue you, as a token
Of his playes worth, no egges are broken;
Nor quaking custards with fierce teeth affrighted,
Wherewith your rout are so delighted;
Nor haies he in a gull, old ends recieing,
To stop gaps in his loose writing;
With such a deale of monstrous, and forc'd action:
But makes isles, to fit his fittie.
The lawes of time, place, persons he obserueth,
From no needfull rule he swerueth.
All gall, and coppersse, from his inke, he drayneth,
Onely, a little salt remayneth;
Wherewith, he'll rub your cheeks, til (red with laughter)
They shall looke fresh, a weeke after.

Act 1. Scene 1.

VOLPONE, MOSCA.

Good morning to the day; and, next, my gold:
Open the shrine, that I may see my *saint*.
Haile the worlds soule, and mine. More glad then is
The teeming earth, to see the long'd-for sunne
Peep through the hornes of the celestiall *ram*,
Am I, to view thy splendor, darkening his:
Thar, lying here, amongst my other hoords,
Shew it like a flame; by night; or like the day
Strooke out of *obscure*, when all darkenesse fled
Vnto the center. O, thou sonne of So^r,
(But brighter then thy father) let me kisse,
With adoration, thee, and euery relique
Of sacred treasure, in this blessed roome.
Well did wise Poets, by thy glorious name,
Title that age, which they would haue the best;
Thou being the best of things: and far transcending
All stile of ioy, in children, parents, friends,
Or any other waking dreame on earth.
Thy lookes, when they to Venus did ascribe,
They should haue giu'n her twentie thousand *Cypriotes*;

Produccions Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro 31-3ºB, 15704 Santiago
Tfno. 981943242
info@taliateatro.es
www.taliateatro.es